



Asociación Cívico-Cultural
TERRA DE OUTES

Estimadas socias e socios:

Convocamos a través deste medio á vindeira **Asemblea Xeral EXTRAORDINARIA** da nosa asociación, que terá lugar o sábado 22 de abril de 2023, ás 12:00 horas, en primeira convocatoria, e 12:30 horas, en segunda convocatoria. A asemblea terá lugar no novo local social do Cruceiro de Roo (antiga escola Emilio Navasqués), coa seguinte orde do día:

Punto 1º.- Elección da nova Xunta Directiva.

Seguindo o disposto no noso regulamento de réxime interno, anunciamos por este medio que o prazo para presentar candidaturas remata dez días antes da celebración desa asemblea, isto é: **o día límite para a presentación de candidaturas será o 12 de abril.**

Unha semana antes da celebración da asemblea xeral extraordinaria procederemos a proclamar e publicar as candidaturas presentadas.

Queremos lembrarnos que calquera socia ou socio (con dereito a voto, que estea ao corrente das cotas e que leve máis dun ano na asociación) pode concorrer para ser elixida/o.

“Os candidatos a cargos poderán presentar un programa electoral, garantindo o tempo suficiente de exposición de cada un dos programas.

As candidaturas serán pechadas para os cargos de presidente, vicepresidente, tesoureiro e secretario e abertas para os vocais resultando elixidos aqueles que obteñan a maioría absoluta de votos na primeira votación e a maioría simple na segunda” (Regulamento de Réxime Interno, Art. 20).

Punto 2º.- Integración de Terra de Outes na plataforma contra os verquidos da mina de San Fins.

Informarase da finalidade desta plataforma e levarase a cabo unha votación para decidir se nos unimos a ela.

Desexándovos moita sorte, despídese atentamente

O Secretario
Ramón Blanco Fernández

En Outes, a 20 de marzo de 2023